



Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Methodological and professional foundations of the galician and spanish education of the languages a		Code	652608823	
Study programme	6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	Yearly	First	Obligatory	4	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinador	Cano López, Pablo	E-mail	pablo.cano@udc.es		
Lecturers	Cano López, Pablo Muriano Rodríguez, María Montserrat	E-mail	pablo.cano@udc.es montserrat.muriano@udc.es		
Web					
General description	<p>Con esta materia propoñémonos ofrecer orientacións sobre as vías de acceso ao exercicio profesional e, sobre todo, algúns criterios e modelos para o exercicio dos labores de programación e avaliación, que constitúen a cerna da profesión docente. Non temos, por suposto, a pretensión de receitar remedios específicos para todos e cada un dos problemas profesionais cos que ten que enfrontarse un docente. Se existen «fármacos» tales (cousa improbable, polo demais), nós ignoramos as súas fórmulas... O noso obxectivo é ben máis modesto. Consiste, por así o dicir, en botar a semente da reflexión metodolóxica, tanto máis necesaria canto máis precaria é a posición do docente nas aulas e menos segura a boa disposición do estudantado. Estamos certos de que, se nós logramos plantala, os nosos alumnos serán quen a facer que xermole e prenda, que é, no fin de contas, o que máis importa.</p>				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A20	Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A21	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A24	Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A27	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results		
Os/as estudantes deben demostrar coñecemento teórico e dominio práctico dos principios e criterios que presiden o proceso de desenvolvemento e concreción do currículo (con especial atención aos que se refiren ao deseño de unidades didácticas, que e a súa derradeira fase).	AJ20		CC1
	AJ21		CC3
	AJ27		CC4
			CC6



Os/as estudantes deben familiarizarse coas concepcións «modernas» da avaliación, as cales, no canto de a reducir ao mero acto de corrixir e puntuar, prefiren contemplala como unha práctica que precede, acompaña e segue ao proceso de ensinanza-aprendizaxe (e que, por tanto, axuda a planificalo, a xestionalo e, por suposto, a valorar os seus resultados e extraer leccións para o porvir).	AJ24		CC1 CC3 CC4 CC6
En primeiro lugar, os/as estudantes deben tomar conciencia da(s) diversidade(s) que pobo(a) as nosas aulas; en segundo lugar, deben explorar as posibles abordaxes desa realidade ineludible, asimilando (reflexiva e criticamente) algunhas das pautas e suxestións dos especialistas en orientación educativa, e mais asumindo os valores do respecto da diferenza e a consideración por «o outro».	AJ20 AJ21 AJ27		CC1 CC3 CC4 CC6
Os/as estudantes deben coñecer, grosso modo, as etapas do proceso de selección do persoal docente dos centros de titularidade pública, tomando conciencia dos principios que o presiden (igualdade, mérito, capacidade) e establecendo as oportunas comparacións cos procedementos en uso nos países do noso contorno.			CC1 CC3 CC4

Contents	
Topic	Sub-topic
1. CUESTIÓNS PREVIAS	1.1. A noción de curriculum 1.2. Os niveis de concreción curricular no sistema educativo español 1.3. A lingua e a literatura no marco legislativo do Ensino Secundario en Galicia
2. A PROGRAMACIÓN	2.1. A programación de aula: que é?, que criterios presiden a súa elaboración? 2.2. As unidades didácticas: que son?, como se deseñan?, cales son as condicións xerais que deben satisfacer?
3. A AVALIACIÓN	3.1. Concepto e tipos 3.2. Obxectivos, criterios e instrumentos 3.3. Do dito ao feito: como debería e como adoita avaliar o profesorado de Lingua e Literatura
4. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA ÁREA DE LINGUA E LITERATURA	4.1. A atención á(s) diversidade(es), unha responsabilidade... e un desafío 4.2. Algunhas orientacións de alcance xeral
5. APÉNDICE: DE GRADUADO EN LINGUA E LITERATURA A TRABALLADOR DO ENSINO	5.1. O estatus laboral do docente na escola pública española 5.2. Vías de acceso ao exercicio profesional

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	12	0	12
Workshop	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	14	25	39
Supervised projects	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	2	45	47
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Guest lecture / keynote speech	Os docentes farán unha presentación breve, mais substancial, das cuestións nucleares da materia, esforzándose en todo momento por poñer de manifesto que as disquisicións teóricas non son simples logomaquias, senón que teñen gran relevancia para a planificación do traballo de aula. Que é a teoría de hoxe senón o que fica tras someter a práctica de onte a un proceso ?descúlpese a metáfora? de filtrado e refinado?
Workshop	Espérase que o alumnado participe de xeito activo nos distintos obradoiros programados na aula, así como, se as houber, naquelas actividades que se leven a cabo fóra dela. A asistencia, imprescindible para optar á avaliación desta parte da materia, será controlada polo equipo docente. Cabe a posibilidade de que, para facilitaren a avaliación do seu labor, os/as estudantes teñan que entregar un portafolio no que quede constancia das súas reflexións sobre os asuntos abordados nos obradoiros.
Supervised projects	Baixo a dirección dos docentes, os/as estudantes terán que facer un bosquejo de unidade didáctica para as materias de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura, orientada cara a alumnos/as de ESO ou Bacharelato.

Personalized attention

Methodologies	Description
Workshop Supervised projects	? Cando os/as alumnos/as leven a cabo tarefas de carácter propiamente creativo (sono case todas as relacionadas co deseño das programacións de aula), o equipo docente orientará os seus esforzos ofrecéndolles modelos ou consellos. Esta intervención poderá producirse tanto nas horas lectivas como nas de tutoría. ? O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e exercicios de forma individual, e entregaraos nas datas que marcasse o/a docente; por suposto, poderá solicitar atención personalizada en horas de tutoría, a fin de que se resolvan as súas dúbidas sobre os traballos e sobre o marco teórico e práctico da materia.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Workshop	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	A asistencia regular ?isto é, a presenza na aula durante, polo menos, o 80% das horas lectivas? é condición necesaria para obter a mínima puntuación correspondente a este apartado (a máxima ascende a 1 punto).	10
Supervised projects	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	Nada que engadir ao que dixemos no apartado de «Metodoloxía».	90

Assessment comments

? Instrucións para o alumnado ordinario A modalidade de avaliación Obradoiro + Traballos tutelados require a asistencia ao 80 % das horas lectivas. O/a estudante que incumpra esta condición deberá someterse a unha proba final que terá lugar en data e hora fixadas no calendario oficial do Mestrado.As actividades ?tanto as presenciais como as que se leven a cabo fóra do horario lectivo? poderán ser de autoría grupal ou individual, segundo o determine o profesorado.? Instrucións para o alumnado con dispensa académica, establecidas de acordo coa Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na UDCOs/as estudantes con dispensa deben dar a coñecer a súa situación ao profesorado ao longo da primeira semana de clase (ou, se non fose posible, nun prazo non superior a 7 días a contar dende a data de concesión).A modalidade de avaliación Obradoiro + Traballos tutelados require a realización ?de xeito individual? de todas as tarefas que se propoñan ao longo do curso, e a súa entrega nas datas que fixe o/a docente. De non entregaren nas datas sinaladas, os/as estudantes deberán someterse á proba final, da que dependerá o 100 % da súa cualificación.? Instrucións para a totalidade do alumnadoOs traballos entregaranse sempre por vía telemática.
--

Sources of information



Basic

Bordons, G. [Glòria], Díaz-Plaja, A. [Ana] (Coords.). Enseñar literatura en secundaria. La formación de lectores críticos, motivados y cultos. Graó. Echeitia Sarrionandía, G. [Gerardo] (2019). Educación inclusiva. El sueño de una noche de verano. Octaedro. García Abós, C. [Clara] et alii (2022). Cómo hacer una programación didáctica en Educación Secundaria Obligatoria y Bachillerato. Sanz y Torres. Gimeno Sacristán, J. [José], Giné Freixes, N. [Núria], López Rodríguez, F. [Francesc], Montón Sales, M.ª J. [M.ª José], Onrubia Goñi, J. [Javier], Pedrinaci Rodríguez, E. [Emilio], Pérez Pérez, C. [Cruz], Sanmartí Puig, N. [Neus], Sentís Vayreda, F. [Ferran], Tirado Bausá, V. [Vicent], Alcúdia Casellas, M.ª R. [M.ª Rosa], del Carmen Martín, M. [Marisa] e Gavilán Bouzas, P. [Paloma] (2000). Atención a la diversidad: claves para la innovación educativa. Graó. Girado, À. [Àngel] (2015). ¿Qué sabemos de las altas capacidades? Preguntas, respuestas y propuestas para la escuela y la familia. Graó. Gujarro Ruiz, P. [Pedro] e Caro Valverde, M.ª T. [M.ª Teresa] (Coords.) (2015). Didáctica de la lengua y educación literaria. Pirámide. Martín Vegas, R. A. [Rosa A.] (2009). Manual de didáctica de la lengua y la literatura. Síntesis. Martín, E. [Elena] e Mauri, T. [Teresa] (Coords.) (2011). Orientación educativa. Atención a la diversidad y educación inclusiva. Graó. Onrubia, J. [Javier] (Coord.) (2004). Criterios psicopedagógicos y recursos para atender la diversidad en secundaria. Graó. Pasarín-Lavín, T. [Tania] (2021). Atención a la diversidad: claves para una inclusión real en un aula ordinaria. Graó. Reimóndez, M.ª [María] (2021). Bárbaras. Unha achega desenfadada á menstruación para adolescentes divers*s (e non só). Xerais. Pérez-Corbacho, J. [Juan] (Coord.) (2005). Cómo hacer programación didáctica y unidades didácticas: muestra de unidades (castellano, catalán, gallego e inglés). Grupo Editorial Universitario. Prado Aragonés, J. [Josefina] (2011). Didáctica de la lengua y la literatura para educar en el siglo XXI (2.ª ed.). La Muralla. Ruiz Bikandi, U. [Uri] (Coord.) (2011a). Didáctica de la lengua castellana y la literatura. Graó. Ruiz Bikandi, U. [Uri] (Coord.) (2011b). Lengua castellana y literatura. Investigación, innovación y buenas prácticas. Graó. Sevillano, M.ª L. [M.ª Luisa] et alii (2011). Programar en Primaria y en Secundaria. Estrategias y procesos. Pearson. Vázquez Cano, E. [Esteban] (2022). Cómo hacer una unidad didáctica en Educación Primaria y Secundaria (LOMLOE). Sanz y Torres. Marco normativo e cuestións conexas. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación [texto consolidado]. <http://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-7899>. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. Boletín Oficial del Estado, 295 (10-12-2013). http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2013-12886. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato. Boletín Oficial del Estado, 3 (3-1-2015). http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-37. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato. Boletín Oficial del Estado, 25 (29-1-2015). http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-738. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato. Boletín Oficial del Estado, 25 (29-1-2015). http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-738. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Boletín Oficial del Estado, 340 (30-12-2020). <https://www.boe.es/eli/es/lo/2020/12/29/3/con>. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Secundaria Obligatoria. Boletín Oficial del Estado, 76 (30-3-2022). <https://www.boe.es/eli/es/rd/2022/03/29/217/con>. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas del Bachillerato. Boletín Oficial del Estado, 82 (6-4-2022). <https://www.boe.es/eli/es/rd/2022/04/05/243/con>. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 120 (29-6-2015). http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Habilitacións: habilitacións para a docencia en centros privados. <https://www.edu.xunta.es/habilitacions/>. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria. Oposicións: xestión de oposicións e tribunais.

<https://www.edu.xunta.es/oposicions/Paxinalnicio.do>. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006...

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-211021-0005_gl.pdf



Complementary	<p>Hermida, S. [Sonia] (07/06/2021). Libros infantiles y juveniles extraordinarios para todxs. https://soniahermida.com/libros-infantiles-y-juveniles-extraordinarios-y-discapacidad-listado-e-instrucciones-de-uso/</p> <p>Lomas, C. [Carlos] (1999). Cómo enseñar a hacer cosas con las palabras: teoría y práctica de la educación lingüística. Paidós.</p> <p>Lomas, C. [Carlos] e Osoro, A. [Andrés] (Comps.) (1993). El enfoque comunicativo en la enseñanza de la lengua. Paidós.</p> <p>Lomas, C. [Carlos] et alii (1993). Ciencias del lenguaje, competencia comunicativa y enseñanza de la lengua. Paidós.</p> <p>López Valero, A. [Armando] e Encabo Fernández, E. [Eduardo] (2001). El desarrollo de habilidades lingüísticas: una perspectiva crítica. Granada: Grupo Editorial Universitario.</p> <p>López Valero, A. [Armando] e Encabo Fernández, E. [Eduardo] (2002). Introducción a la didáctica de la lengua y la literatura: un enfoque sociocrítico. Octaedro.</p> <p>Mendoza Fillola, A. [Antonio] et alii (1996). Didáctica de la lengua para la Enseñanza Primaria y Secundaria. Akal.</p> <p>Mendoza Fillola, A. [Antonio] (Coord.) (1998). Conceptos clave en didáctica de la lengua y la literatura. Barcelona: S. E. D. L. L. / UB ? I. C. E. / Horsori.</p> <p>Mendoza Fillola, A. [Antonio] (Coord.) (2003). Didáctica de la lengua y la literatura para Educación Primaria. Pearson.</p> <p>Muriano Rodríguez, M.^a M. [M.^a Montserrat]. O noso Symbaloo. https://www.symbaloo.com/mix/osymbalooedefundamentos</p> <p>Muriano Rodríguez, M.^a M. [M.^a Montserrat]. Conta da docente na rede social Instagram para uso académico: @montsemurianor</p> <p>Muriano Rodríguez, M.^a M. [M.^a Montserrat]. Conta da docente na rede social Twitter para uso académico: @montsemr</p> <p>Muriano Rodríguez, M.^a M. [M.^a Montserrat]. Pinterest: Os imprescindíbeis da nosa biblioteca de profes. https://www.pinterest.es/montsemurianor/os-imprescind%C3%ADbeis-da-nosa-biblioteca-de-profes/</p> <p>Pérez Esteve, P. [Pilar] e Zayas, F. [Felipe] (2007). Competencia en comunicación lingüística. Alianza Editorial.</p> <p>Serrano, J. [Joaquín] e Martínez, J. E. [José E.] (Coords.) (1997). Didáctica de la lengua y la literatura. Oikos-Tau.</p> <p>Unamuno, V. [Virginia] (2003). Lengua, escuela y diversidad sociocultural: hacia una educación lingüística crítica. Graó.</p>
----------------------	--

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Dada a importancia que a perspectiva de xénero debe ter na Ensinanza Superior, o equipo docente desta materia (de acordo coa lexislación vixente e atendendo ás indicacións da Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC) comprométese a: Usar linguaxe non sexista e inclusiva. Visibilizar e analizar os nesgos sexistas en recursos, medios e discursos etc. Propiciar a intervención en clase de alumnas e alumnos. Traballar para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influír na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Utilizar metodoloxías feministas baseadas na aprendizaxe colaborativa e na pedagogía dos coidados. Adaptar a normativa APA para que figuren os nomes de autoras e autores, así como a procura de paridade na bibliografía, aplicando o principio da citación xusta: <https://www.educacion.udc.es/biblioteca/?pagina=citar>

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.